

ARTE SEN GUIÓN



A COMPAÑÍA

Galeatro é a primeira compañía de teatro profesional de Carballo. Fundada polos actores Tone Martínez e Alba Bermúdez, ten percorrido gran parte dos centros educativos de Galicia cos seus espectáculos didácticos *De Leria con Castelao*, *O Contador de Contos*, *Contos no Faiado* e *O Xogo das Letras*. No 2017, coproduce xunto co FIOT, o seu primeiro espectáculo de gran formato *Muiñada*. Á súa vertente artística hai que lle engadir a súa labor de formación teatral, que no último ano chegou a máis de 200 estudantes. Galeatro nace coa intención de achegar as artes escénicas a un público familiar, contando para isto con dramaturgas galegas vivas coma Ana Carreira ou Paula Carballeira. Con *A Arte sen guión* pretendemos dar un paso máis na compañía achegándonos ao público adulto e xuvenil sen esquecer as nosas raíces.

SINOPSE

A derradeira banda de comedia da Idade Media quere presentar ante o público un espectáculo coma os que representaban na súa época... pero con tanta festa e tanta viaxe no tempo esqueceron todos os seus diálogos. Ante a imposibilidade de atopar os escritos do seu repertorio, tratarán de improvisar o seu número, deixando que a intuición, o oficio e a música sexan a guía para levar a cabo unha función ao máis puro estilo do seu século.

O EQUIPO

Alba Bermúdez- Actriz

Actriz e contacontos, licenciase en Arte Dramática pola ESAD de Galicia. Acada o Posgrao en Arte, Cultura e Intervención Social a través de Factoriarte e obtén o Mestrado de Artes Escénicas pola URJC de Madrid. Alba é, xunto con Tone Martínez, fundadora da compañía Galeatro. Alén da experiencia adquirida con dita compañía, cómpre destacar os traballos realizados para outras de carácter profesional como son Triatreros ou Contraproducións, compañía referente para o teatro galego e coa que protagoniza a aclamada peza *Fillos do Sol*, de Cándido Pazó.

Tone Martínez- Actor

Licenciado en Arte Dramática na ESAD de Galicia, especializouse na improvisación teatral con mestres como Gustavo Miranda ou Omar Argentino. Funda, xunto con Alba Bermúdez, a compañía Galeatro coa que realiza varios espectáculos dirixidos ao público infantil. Ademáis das propias montaxes, destacan os traballos realizados en compañías como Triatreros ou o Centro Dramático Galego onde formou parte do elenco do espectáculo *Divinas Palabras Revolution*, dirixido por Xesús Ron. No eido audiovisual, foi actor de reparto en series como Serramoura e Pazo de Familia.

Miguel Canalejo - Actor / Director

Licenciatura en Arte Dramática na ESAD de Galicia, diplomatura en Escritura de Guion polo Instituto do Cine de Madrid e Máster en Interpretación ante a Cámara pola Central de Cine. Especialízase en improvisación escénica coas compañías ImproMadrid e MadImprov. Desenvolve paralelamente a súa carreira como actor e creador, traballando en produccions como *Método criminal*, *Cuéntame cómo pasó* e *Serramoura*, e creando formatos como *Xan* (Premio Mestre Mateo 2021 a Mellor SerieWeb) ou *Clara Cortés* (Premio do público no 2020 Festival de cine de Valencia).

Cris Iglesias - Actriz

É titulada en interpretación textual pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Continúa a súa formación con mestres e mestras como Vicente Fuentes, Francesco Carril, Johnn Strasberg, Laila Rippol, Lorena Bayonas, etc. Forma parte da compañía de teatro *Chévere* (Premio Nacional de Teatro 2014) durante catro anos coa xira do espectáculo *Eroski Paraíso*, peza que máis adian-te adaptan á gran pantalla baixo a dirección de Jorge Coira. Dende o ano 2014, traballa en distintas series da Televisión de Galicia como *Urxencia Cero*, *Serramoura*, *Fariña*, *Agua seca* ou *Pazo de Familia*. No 2019 estrea o espectáculo *Liberto* coa compañía *Rebordelos*. Nese mesmo ano gaña varios premios á mellor actriz como protagonista da curta *16 de Decembro* do director Álvaro Gago nos festivais de *Alcine*, *Santurzi* e *Feciso*.

Nacho Martín - Músico.

Titulado como Técnico Superior en Producción de Audiovisuais, Ra-dio e Espectáculos pola Escola de Imaxe e Son da Coruña. Como músico colaborou con varios proxectos, entre eles destacan *Mad Martin Trío* e *True Mountains*, con estes últimos leva catro discos editados en 7 anos, levando súas actuacións a festivais como Re-surrection Fest, Tsunami Fest(Gijón) o Son do camino entre outros e invitados a xiras de grandes bandas como Berri txarrak(Esukadi), Flatliners (Canadá) o La M.O.D.A (burgos) tocando en salas como Sol, La Riviera o Joy Slava (madrid) entre moitas outras. A música composta por el para o espectáculo da compañía Teatro del Andamio "A verdadeira historia da cigarra e a formiga" gañou o Premio á Mellor Música Orixinal no Festival Internacional de Teatro Vilnius Rampa de Vilnius- Lituania. Tambén é músico e actor no espetáculo de La Quintana Teatro “Desde lo Invisible”, Premio Max ao Espectáculo Revelación- 2008. No que realiza a música e o esparzo sonoro da obra con instru-mentos non convencionales, como muletas, globos, rodas e distin-tos elementos reciclados.

Anahí Taraburelli Vestuario / Escenografía

Nada en Arxentina é deseñadora gráfica e estudou Arquitectura Efímera na EASD Mestre Mateo, na que se especializou en escenografía e atrezzo. Comezou como encargada de vestuario e escenografía de compañías amadoras como Caruncho Teatro e Noite Bohemia. Actualmente traballa con compañías profesionais coma Cia Entremans, Elefante Elegante, Cirque du Soleil ou Galeatro.